



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA. COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PP, PSOE E ACB-SON DE APOIO AO COMEDOR SOCIAL DE CANGAS

Á vista dunha escrito recibido no Concello de Bueu proveniente do Concello de Cangas (01.02.2019, RE 562) relativo ao Comedor Social deste municipio, e tras a Xunta de Voceiros celebrada o 15.02.2019, os grupos municipais do BNG, PP, PSOE e ACB-SON acordamos presentar ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cangas e a comarca do Morrazo contan cun único Comedor Social, rexentado pola Asociación de Caridade Santiago Apóstolo ao longo de 10 anos. Dito comedor localízase en Cangas nun baixo alugado.

En decembro de 2018 foi pública a saída a poxa por débedas bancadas da persoa propietaria do inmovible no que se prestan os servizos de comedor diariamente. Dita poxa non foi notificada á Asociación que presta o servizo de comedor.

O día 14 de xaneiro de 2019, coñecemos da man da presidenta da asociación que dito baixo foi vendido a un fondo inmobiliario de capital estranxeiro, que non coñece nin sabe que unha das propiedades mercadas está sendo ocupada por unha asociación que presta un servizo básico na comarca do Morrazo, xa que dá de comer diariamente a máis de 100 familia de tres concellos.

Por este motivo é necesaria a implicación de tódalas partes, para garantir a continuidade do comedor social.

Por todo isto, a Corporación do Pleno do Concello de Bueu,

ACORDA

Primeiro. Apoiar a moción do Concello de Cangas para a continuidade do Comedor Social.

Bueu, a 4 de marzo de 2019



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA. COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

Os voceiros/as da Corporación de Bueu:

Martín Villanueva Pastoriza (BNG)

Julio Villanueva González (ACB-SON)

José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)

Manuel Santos Pires (PP)